



## Aumenta a colaboración do sector pesqueiro no estudo da biodiversidade

Nos últimos anos vense apreciando un maior interese dos patróns e mariñeiros de barcos de pesca en participar en distintos estudos sobre a biodiversidade do medio mariño. No referente aos mamíferos mariños e tartarugas, CEMMA desenvolveu durante tres anos (2008-2010) un programa de educación e sensibilización do sector pesqueiro, baixo o nome de **"Divulgando a pé de mar"**, con financiamento da Consellería do Mar, que pretendía tamén coñecer as impresións das xentes do mar cara estas especies, e intentar valorar de maneira feaciente as capturas accidentais, unha das maiores problemáticas destas especies en Galicia, poñendo en marcha un estudo pioneiro en Europa mediante a marcaxe de animais mortos en artes de pesca.

Ao longo destes tres anos fixéronse 181 embarques e 937 enquisas nun total de 49 portos galegos, obtendo en todos eles unha gran implicación por parte dos profesionais do mar gracias tamén ás confrarías. Toda a información recollida é de gran interese, e mesmo nos últimos meses estase conseguindo que os barcos que atopan nos seus aparellos algunha captura accidental o comuniquen e traian os animais a terra, o que facilita o traballo da Rede de Varamentos e ter acceso a recoller mostras de animais frescos, o que facilita os



Golfiño común (*Delphinus delphis*) capturado en Cariño.

### ¡Participa!

**Atención á Rede Costeira de Avistamentos**, se podes facer algún punto mensualmente, ponte en contacto: 686 98 90 08 ou [localcemma@arrakis.es](mailto:localcemma@arrakis.es) (asunto "observación Costeira")

**SE ES SOCIO DE CEMMA E NON RECIBES INFORMACIÓN NOSA NO TEU CORREO ELECTRÓNICO, DÍNOLO. CHEGARANCHE MÁIS NOVIDADES E COLABORAREMOS A REDUCIR O GASTO DE PAPEL. ¡AQUELES QUE NON SEXADES SOCIOS, TAMÉN SODES BENVIDOS!** Escribe un mail a [localcemma@arrakis.es](mailto:localcemma@arrakis.es) (asunto "alta en listas de correo")



Momo (*Cetorhinus maximus*) capturado en Viveiro.

estudos que se están levando a cabo (dieta, idade, xenética, contaminantes, parasitoxía, ...). Isto contrasta co medo que existía antes a dar a coñecer estes casos por temor a posibles sancións. O traballo de divulgación realizado logrou transmitir a necesidade de que esa información non se perda para lograr coñecer mellor a situación destas especies.

Así, só nas últimas semanas de 2010 foron levados a porto para o seu estudo, tras ser capturados accidentalmente: unha cría de lobo mariño cinciento (*Halichoerus grypus*), capturada accidentalmente preto de Estaca de Bares; unha tartaruga de coiro (*Dermochelys coriacea*) de 182cm, capturada por un barco de Panxón na boca da ría de Vigo; un momo ou quenlla peregrina (*Cetorhinus maximus*) de 510cm, por un barco de Viveiro; un golfiño común (*Delphinus delphis*) capturado por un barco de Cariño; e por

último, nos primeiros días de xaneiro, un arroaz (*Tursiops truncatus*) capturado por un barco de Portonovo. Desgrazadamente neste último caso non se puido recoller ningún tipo de información -salvo descripcións dos traballadores do concello- xa que antes de que a UniMóbil do sur chegase ao porto o animal xa fora recollido e descuartizado por unhas persoas que dixeron ser membros dunha asociación ecoloxista e que se fixeron pasar por persoal autorizado para realizar este traballo, cando non o estaban. Ao tratarse dun arroaz, especie prioritaria segundo a directiva Habitat da Unión Europea, e dado o reducido número de individuos desta especie na nosa costa, a perda desa información é aínda maior.



Lobo mariño cincento (*Halichoerus grypus*) capturado accidentalmente preto de Estaca de Bares.



Cazón (*Galeorhinus galeus*) capturada por un barco de Laxe, e que fora marcada na costa oeste de Inglaterra.

## A QUENLLA INGLESA QUE CHEGOU A LAXE

O pasado ano un barco de Laxe capturou preto do Roncudo unha femia de cazón (*Galeorhinus galeus*) que tiña unha marca da University of Southampton, National Oceanography Centre.

Fora marcada na costa oeste de Inglaterra, estando en liberdade 106 días, e percorrendo un mínimo de 780 millas náuticas.



Percorrido levado a cabo pola quenlla ata o momento da súa captura.




## BAIXOU O NÚMERO DE VARAMENTOS EN GALICIA

Durante 2010 reduciuse o número de varamentos na costa galega, ata un total de 163, o que supón unha redución de case o 35% respecto á media dos anos anteriores. Esta tendencia tamén foi observada por redes de varamentos de Portugal e Irlanda, con reducións similares ás de aquí. Non hai unha explicación clara, e hai que ter en conta que falamos de factores naturais, polo que haberá que ver no tempo se é unha tendencia ou se simplemente é unha fluctuación anual, semellante a que ocorrera en 2006.

As especies de cetáceos que se rexistraron foron golfinho común (*Delphinus delphis*), golfinho riscado (*Stenella coeruleoalba*), caldeirón (*Globicephala melas*), arroaz (*Tursiops truncatus*), toniña (*Phocoena phocoena*), arroaz boto (*Grampus griseus*), cachalote (*Physeter macrocephalus*), cifo común (*Ziphius cavirostris*) e balea alibranca (*Balaenoptera acutorostrata*). Ademais, rexistráronse exemplares de tartaruga de coiro (*Dermochelys coriacea*), tartaruga mariña común (*Caretta caretta*), lobo mariño cincento (*Halichoerus grypus*), lontra (*Lutra lutra*) e momo (*Cetorhinus maximus*).

O 65% dos animais que presentaban un estado corporal 1-3 (nos que é posible determinar feacientemente indicios de captura) morreron capturados accidentalmente en artes de pesca.




**Capturas seguras:** aqueles animais que foron directamente comunicados polos propios barcos de pesca, e tamén aqueles animais que apareceron marcados con bridas varados nas praias. Estas bridas foron repartidas entre os pescadores aproveitando o proxecto "Divulgando a pé de mar" realizado para a Consellería do Mar.

**Indicios:** animal no que se observaron marcas ou feridas características que deixan os aparellos ou que se producen ao liberar aos animais dos mesmos. En todo caso, sábese que con estes estudos téndese a subestimar a realidade, xa que os cetáceos mortos en artes de arrastre apenas presentan marcas diagnósticas.



Varamentos en Galicia, todas as especies (1999-2010)



## ANABAM: 25 ANOS 1985-2010

Por Agustín Ferreira Lorenzo  
Presidente e fundador de ANABAM

ANABAM é unha das entidades ambientais máis antigas de Galicia, e que impulsou no ano 1991 a creación da CEMMA. A Guarda tamén foi a primeira localidade de Galicia que contou coa exposición DENDE A BEIRA DO MAR, o primeiro traballo recompilatorio e de educación ambiental sobre o medio mariño e os cetáceos, que a CEMMA puxo en marcha logo da súa creación. O tesón e perseverancia dos membros e colaboradores de ANABAM por todo o litoral do Baixo Miño permite contar cun apoio fundamental no labor de monitorización costeira e de asistencia á fauna mariña varada.

*Alfredo López*  
Presidente da CEMMA

ANABAM (Asociación Naturalista "Baixo Miño"), naceu cando o "boom" ecoloxista en todo o estado estaba en pleno apoxeo. E aínda que empezou a xestionarse no ano 1984, non sería ata o ano seguinte, 1985, cando iniciaría a súa andaina, logo de que, o 3 de xuño, practicamente nas vísperas do Día Mundial do Medio Ambiente, quedara rexistrada no antigo Goberno Civil de Pontevedra. Foi recibir a aprobación dos Estatutos, poucos días despois desa data, e dar comezo a un longo camiño que nos levaría durante os primeiros 25 anos desta asociación. 25 anos que, á vista de hoxe, parece que foi onte cando iniciamos o percorrido, que non pasou tanto tempo, tantos anos dende que se creou esta asociación. Dende o primeiro momento, esta asociación asumiu con seriedade e tesón os obxectivos e finalidade para os que foi creada: o estudo, defensa, conservación e divulgación do patrimonio natural da comarca do Baixo Miño, sen esquecer, por suposto, da educación ambiental.



Primeira xunta directiva de ANABAM. (1987)



O ámbito territorial desta entidade ambientalista abarca unicamente a citada comarca, constituída polos concellos de Tui, Tomiño, O Rosal, A Guarda e Oia, aos que hai que engadir a franxa portuguesa, dende Valença do Minho ata a praia de Paço (Carreço), a uns 15 quilómetros da desembocadura do Miño.


No seu día formamos parte de entidades estatais coma a CODA (Coordinadora de asociacións de defensa ambiental), da FAT (Federación de Amigos de la Tierra) ou da AGENGA (Asemblea de Grupos Ecoloxista e Naturalistas Galegos). Na actualidade e dende a súa fundación, formamos parte da CEMMA.

No ano 2001 recibimos o premio Bandeira Verde de Galicia.

Esta asociación é totalmente apolítica, aínda que no seno dos seus asociados poda haber certas afinidades e mesmo afiliacións a un determinado partido, pero son as menos. Mesmo durante os 15 primeiros anos ningún socio, para selo, podía estar afiliado a partido político algún. Esta cláusula modificouse, alá polo ano 2002, de tal xeito que na actualidade a única esixencia é que para ocupar un cargo na xunta directiva, non se pode estar afiliado a ningún partido político. Así conseguimos evitar a politización desta asociación e, criticar ou felicitar, cando hai que facelo, a calquera opción, sexa do signo que sexa.


## BREVE RESUMO DO REALIZADO

Sería imposible resumir nun pequeno artigo todo o feito durante os primeiros 25 anos, así que, de xeito breve podemos dicir que nestes anos transcorridos ocupámonos e preocupámonos da flora, da fauna, da paisaxe e dos impactos ecolóxicos negativos contra o patrimonio. A divulgación a través de cursos, exposicións, charlas, audiovisuais, documentais, artigos, publicacións, visitas organizadas, etc, estivo permanentemente á orde do día. Evidentemente a educación ambiental ocupou, e segue a ocupar, un posto destacado na actividade da asociación. Cada ano un milleiro de escolares e estudantes de Primaria, ESO, Bacharelato e Ciclos participan nas visitas guiadas organizadas por ANABAM: visitas ornitolóxicas ao Esteiro do Miño; aos Muíños do Folón e Picón; á costa da Guarda; á ribeira fluvial e ao Monte Santa Trega.



Carátula do primeiro documental editado por ANABAM (ano 2004) no que colaborou a CEMMA con comentarios e coa disección dun golfinho no porto da Guarda.

Ao longo de todo este tempo levamos a cabo accións e proxectos tan importantes, por citar so algúns, como os seguintes: creación do chamado **"un bosque para unha bolboreta"**, destinado á *Charaxes jasius* ou bolboreta dos érbedos; proxecto píllara, para axudar a esta ave dos areais a sacar adiante aos seus polos, proxecto que foi posteriormente utilizado noutras áreas do Estado e de Portugal polos excelentes resultados acadados, tanto dende o punto de vista da protección coma a de concienciación; proxecto **Eurynebria**, que nos permitiu, e permite, coñecer máis polo miúdo un insecto cuxo hábitat exclusivo son os areais.



Portada dunha monografía editada por ANABAM encol dos varamentos de cetáceos no baixo Miño, na que colaborou a CEMMA.

A preservación do entorno natural ocupou boa parte das nosas accións: evitamos a construción dun campo de golf -e a súa correspondente urbanización- na illa portuguesa da Boega, no esteiro do Miño e outro en Pinzás, Tomiño; por tres veces conseguimos que non se fixera un porto deportivo na desembocadura do citado río; evitamos a realización



de concertos na marxe da desembocadura ou de fogueiras no mes de xuño na praia; conseguimos que non se instalaran areiras, nos anos oitenta e noventa, na ribeira fluvial da desembocadura. Construímos cunha inversión de máis de 6.000 euros sendas pasarelas e vallas na praia marítimo fluvial de Camposancos co obxecto de protexer as dunas e a vexetación que sustentan.

As xestións realizadas por ANABAM permitiron a instalación de dous observatorios na área de maior importancia ornitolóxica do esteiro do Miño e que a Senda Litoral, construída na costa sur da Guarda, fose bastante respectuosa co entorno natural.



Corvo mariño real. FOTO: Luis Dorado Senra-ANABAM.

Os traballos de campo e estudos realizados polas xentes de ANABAM, permitiron a localización de novas especies para o Baixo Miño: plantas coma *Paradisea lusitanica*; *Honckenia peploides*; *Woodwardia radicans*; *Diksonia antarctica*; ou especies faunísticas coma o esgonzo de cinco dedos; a andoriña *daurica*, a bolboreta *Coenonympha glicerion*, etc.

Fomos pioneiros no Estado Español na recollida de pilas botón, actividade esta que logo foi seguida por

outras asociacións do Estado. E fomos dos primeiros en loitar contra os pararraios radiactivos, conseguindo no seu día a práctica retirada dos mesmos na comarca.

Conseguimos reintroducir con éxitos plantas que se extinguiron a nivel local pola acción do home coma a *Otanthus maritimus* na praia de Camposancos e seguimos a traballar para tratar de recuperar outras.

O mar sempre estivo presente nas accións e actividades de ANABAM, non en vano fomos os creadores do primeiro Museo do Mar que houbo na Guarda, que é tanto coma dicir no Baixo Miño.



Varamento dun rorcual en Mougás, no ano 2008. Membros de CEMMA e ANABAM recollendo información do mesmo.

## CÓMO AFRONTAR ECONOMICAMENTE OS RETOS DA ASOCIACIÓN

Hai certas actividades e accións que non precisan cartos e que se poden facer soamente coa vontade de querer realizalas. Outras precisan de pequenas inversións, con poucos euros podemos mercar unha simple malla de rede para protexer uns niños de pílara ou para adquirir material co fin de facer uns carteis. Pero outros proxectos e accións si necesitan de bastantes cartos. Para facer fronte a iso, contamos, en primeiro lugar, coa acción voluntaria e desinteresada dos socios activos, un grupo dunhas dez persoas que, en maior ou menor medida, están sempre dispostos a botar unha man e que son a alma e esencia desta asociación. No que respecta á financiación, os cartos obtéñense a través das cotas dos socios, de donativos, de vendas de material, de subvencións e dalgúns traballos realizados: cursos, algunhas charlas, visitas guiadas, etc.

## OS CETÁCEOS E A CEMMA EN ANABAM

Evidentemente, sendo ANABAM dunha comarca no que a costa marítima ocupa unha boa parte do territorio e tendo en conta que dos cinco concellos, catro deles son mariñeiros total ou parcialmente, os cetáceos tiñan que ter un posto importante no seno da asociación e, claro está, a CEMMA tamén tiña que ocupar unha parte da mesma. Así que, dende o primeiro día, ANABAM apoiou a creación desa entidade formando parte dela dende os seus inicios.

Periodicamente percorremos a franxa costeira na procura de posible varamentos de cetáceos, tartarugas mariñas e focas, datos que comunicamos de inmediato a CEMMA. Froito desta actividade, por citar soamente algúns exemplos que ilustren a mesma, están a recuperación dunha foca no ano 2006 e outra, meses despois, que non tivo tanto éxito coma a anterior xa que morrería aos poucos minutos debido ás feridas causadas por un anzol.

Ao longo destes anos temos rexistrado ducias de varamentos de practicamente tódalas especies que se dan habitualmente na costa galega: golfinho común; toniñas; arroaces; caldeiróns e rorcuais. Tamén temos varios rexistros de tartarugas mariñas, a tartaruga de coiro, *Dermochelys coriacea*, aínda que sempre en moi avanzado estado de descomposición.



Membros de ANABAM e CEMMA no varamento dunha toniña en Oia, no ano 2007.

Pero a nosa relación co mundo do mar non se limita só a rexistrar os varamentos ou manter e apoiar a nosa relación coa CEMMA enviándolle comunicados e datos, tamén hai unha colaboración máis activa como cando se trata de realizar a disección dalgún cetáceo, ou a realización de exposicións, a edición dun vídeo ou a convocatoria dalgún curso.



Feto dunha toniña recuperado logo da realización da disección dun exemplar varado na costa do Baixo Miño. Consérvase en ANABAM.



## EMBARQUES ESPECÍFICOS DA CEMMA NO 2010 A BORDO DO "NAUJA"


Como todos os anos no 2010 a CEMMA realizou varios embarques específicos a bordo do motoveleiro de 21m de eslora "Nauja" nos que moitos de vós colaborastes coa intención de monitorizar as poboacións costeiras de cetáceos nas augas galegas.



Hai que destacar que neste ano só houbo dous avistamentos de toniña e un de arroaces, especies que se encontran nunha situación moi delicada estando a poboación de toniñas das augas galegoportuguesas en perigo polo seu illamento das do norte de Europa, e a poboación de arroaces das Rías Baixas illada dos arroaces presentes no resto de Galicia e Portugal. Tamén é interesante que durante dous dos avistamentos de golfinhos observárase un individuo que podería ser un híbrido entre golfinho común e riscado.

En total realizáronse 8 embarques, nos que se navegaron un total de 758 Km correspondentes a 56,771 h, nos que se cubriu unha superficie 1360,5 Km<sup>2</sup>, polo que cada 2,5 horas se fixo un avistamento.

En total tivemos 23 avistamentos, sendo a maior parte deles de golfinho común (*Delphinus delphis*), seguida das toniñas (*Phocoena phocoena*). Ademais houbo 3 avistamentos de delfínidos non identificados, e só houbo un avistamento de arroaces (*Tursiops truncatus*) e de balea alibranca (*Balaenoptera acutorostrata*).



Especies de cetáceos observadas (%) durante os embarques do ano 2010.





Golfiño común (*Delphinus delphis*) saltando.



Posible híbrido entre golfiño común e golfiño riscado.

Vindo connosco a bordo do Nauja os voluntarios tedes a oportunidade de ampliar os vosos coñecementos sobre as especies de cetáceos e aves que se atopan nas nosas augas:

Diferenciación de especies, comportamento, inte-

raccións entre distintas especies,... , ademáis de realizar un traballo científico que ten como fin último a conservación destas especies na zona.

Esperamos vervos a bordo na campaña de embarques deste ano!!



## ANOS DE TARTARUGAS

Aínda que en Galicia non hai colonias de cría, sabedes que ocasionalmente chegan ás nosas costas tartarugas mariñas de diferentes especies, sobre todo exemplares de tartaruga mariña común (*Caretta caretta*) e de tartaruga de coiro (*Dermochelys coriacea*). Pero nos dous últimos anos a presenza de exemplares desta segunda especie nas augas galegas fíxose máis habitual; o promedio anual no período 2000-2008 foi de 5,7 tartarugas de coiro, pero en 2009 e 2010 apareceron 16 e 14, respectivamente, con tallas comprendidas entre os 149 e 183 cm. 20 apareceron na provincia de A Coruña, 8 en Pontevedra e 2 en Lugo. Destas 30 tartarugas, un mínimo de 10 -os casos que coñecemos de forma segura polos avisos

dos pescadores- foron capturadas accidentalmente en artes de pesca; 5 delas puideron ser liberadas vivas.




Tartaruga de coiro (*Dermochelys coriacea*).

### Botádelle un vistazo á páxina web da RAM (Red de Avistamento de Aves Marinas y Cetáceos):

Se queredes colaborar. [www.telefonica.net/web2/redavesmarinas/](http://www.telefonica.net/web2/redavesmarinas/). Observación os primeiros sábados de cada mes.

Dende CEMMA participamos no punto de Cabo Silleiro. Se queredes participar, escribide aos coordinadores da RAM ou a [localcemma@arrakis.es](mailto:localcemma@arrakis.es) (poñendo "Participación na RAM" no asunto)



**Coordinadora para o estudo dos mamíferos mariños.**

Membros: ADEGA, ANABAM, CES, ERVA, HABITAT, SGHN.

Aptdo. Correos 15. Gondomar (Pontevedra) E-36380

Tlf. Unimóbil: 686989008 // Tel: 986366149

Local: Camiño do Ceán, 2 (O Ceán). 36350. NIGRÁN.

Web: <http://www.cemma.org>. E-mail: [cemma@arrakis.es](mailto:cemma@arrakis.es).



Rex. Ministerio Interior nº 115083

Rex. Com. Galega Med. Ambiente nº24

Rex. Central de Galicia 2004007644-1 (SC)

Rex. Plan do Voluntariado de Galicia. Membro Fundador da Sociedad Española de Cetáceos (SEC)

Membro da European Cetacean Society (ECS)

### PHOCOENA

Boletín da coordinadora para o estudo dos mamíferos mariños.

Colaboraron neste número:

Juan José Dios, Ángela Llavona, Pablo Covelo, Natalia García, Xulio Valeiras, Esther Abad, Salvador García, Alfredo López, ANABAM.